

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE PROSPECCÍONS OU GABIAS EN TERREO DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1.- Concepto.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade eco disposto nos artigos 15 a 19 e artigo 20.3.f da Lei 39/88, do 29 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola apertura de prospeccións ou gabias en terreo de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.

Artigo 2.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigadas ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades a prol das que fora outorgada a correspondente licencia, ou se beneficien ou realicen os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Asemade están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades que destrúan ou deterioren o dominio público local, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, aínda cando foran as mesmas persoas ou entidades interesadas as que efectuaran a súa reposición, así como os gastos que orixine o control de calidade dos pavimentos e comprobación das densidades acadadas no macizado das gabias.

Artigo 3.- Contía.

A contía das tarifas será a seguinte:

- Por cada metro cúbico de apertura de prospeccións e gabias que afecte a rúas pavimentadas do núcleo urbano de Negreira: 50 pesetas.
- Por cada metro cúbico de apertura de prospeccións e gabias que afecte a rúas sen pavimentar do núcleo urbano de Negreira: 20 pesetas.
- Por cada metro cúbico de apertura de prospección e gabias que afecte a rúas pavimentadas do núcleo rural de Negreira: 20 pesetas.
- Por cada metro cúbico de apertura de prospeccións e gabias que afecte a rúas sen pavimentar do núcleo rural de Negreira: 10 pesetas.
- Por cada metro cúbico de apertura de prospeccións e gabias que afecte a estradas ou pistas municipais pavimentadas: 25 pesetas.
- Por cada metro cúbico de apertura de prospeccións e gabias que afecte a estradas ou pistas municipais en zorra: 15 pesetas.
- Por cada metro cúbico de apertura de prospeccións e gabias que afecte a estradas ou pistas municipais sen pavimentar: 8 pesetas.
- Por cada metro cúbico de apertura de prospeccións e gabias que afecte a camiños rurais: 5 pesetas.
- Por cada metro cadrado de remoción de beirarrúas ou pavimentos para a construción en núcleos urbanos: 50 pesetas por día e metro cadrado.

Artigo 4.- Normas de xestión.

De conformidade co previsto no artigo 47.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, toda solicitude de licencia para que poda ser admitida a trámite deberá achegarse dun justificante do depósito previo do pagamento da taxa.

A liquidación do depósito practicarase tendo en conta os datos formulados polo interesado.

O depósito previo non causará dereito ningún e non faculta para a realización da obra, que soamente poderá levarse a cabo unha vez obtida a oportuna licencia. Se esta fose denegada, o interesado instará a devolución do depósito.

Coa concesión da licencia se elevará a definitiva a liquidación.

Os interesados obrigados ó pagamento desta taxa estarán tamén obrigados á reposición dos pavimentos, beirarrúas ou outros deterioros ocasionados, podendo esixir para tal efecto pola Administración unha fianza ou aval para responder da reposición. Todas as reposicións estarán suxeitas a previo informe técnico, podendo o Concello esixir a súa demolición e nova reconstrucción cando se considere pertinente, previo informe técnico municipal.

Artigo 5.- Obriga de pagamento.

A obriga de pagamento nace dende o momento no que se solicite licencia para a realización de calquera obra na vía pública ou dende que a mesma se realice se se procedeu sen licencia municipal.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse unha vez publicada con carácter íntegro no BOP e transcurra o prazo establecido no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e se manterá ata a súa modificación ou derogación expresa.